


# AVES GALEGAS

**Diferentes paxaros da nosa terra**

Por Candi González Guillín



# PAPORROBIO

*ERI THACUS RUBECULA*

Tamaño medio (cola incluída): 14 cm

Envergadura media: 21 cm

Este paxaro gordecho e buligante reconécese pola gorxa de cor vermella alaranxada e pola cola.


Ten o lombo pardo, o ventre branco e uns ollos negros, grandes e vivos.

Vive en solitario e vai revoando, choutando e peteirando en vermes e insectos.

É bastante amigable e adoita instalarse en parques e xardíns, onde gusta de pousar a carón da xente máis tranquila.

O paporrobio canta facendo series longas de notas “tic-tic-tic-tic”.

\*Os paxaros adoitan facer dúas mudas anuais, durante as cales lle caen as plumas vellas e a plumaxe vaise renovando pouco a pouco.



# PARDAIS COMÚNS

*PASSER DOMESTICUS*

Tamaño medio (cola incluída): 18 cm

Envergadura media: 25 cm

Este paxaro de voo rápido e saltón vive en todo o mundo, preto dos lugares onde hai seres humanos.

O macho ten o peito e o abdome grises, e as alas pardas, e na época de apareamento sáelle unha manchiña negra na gorxa a xeito de plumaxe nupcial.

A femia ten as plumas máis grises.

Os pardais común non migran, pero viven en bandadas, sobre todo no outono e no inverno.

O pardal canta facendo “chip chip”.



# CORVO CARNAZAL

*CORVUS CORAX*

Tamaño medio (cola incluída): 65 cm

Envergadura media: 160 cm

O corvo carnazal é o paseriforme de maior tamaño.

É unha ave prudente de plumaxe negra con reflexos azuis que vive sobre todo en zonas montañosas. Ten un peteiro moi grande e plumas hirsutas na gorxa. En voo leva a cola en forma de rombo. É capaz de facer distintas chamadas moi sonoras, e mesmo de imitar outros paxaros, mais é doado recoñecerlo polo seu son cavernoso.

Son aves sedentarias que se emparellan de por vida.

O corvo corvea e croa: "rok-rok, arrk-arrk".



# MERLOS

*TURDUS MERULA*

Tamaño medio (cola incluída): 25 cm

Envergadura media: 26 cm

En inglés, ao merlo chámanlle *common blackbird*, isto é “paxaro negro común”. O macho ten toda a plumaxe de cor negra aci beche cun círculo amarelo ao redor do ollo e o peteiro desa mesma cor; a femia é parda.

Vive en bosques e matogueiras; antes non saía das zonas boscosas, mais foi habituándose ás áreas urbanas e agora é unha das aves máis comúns nelas.

O merlo canta facendo “chuc chuc” e “tictictictic”.



Moitas grazas pola vosa atención, espero que aprenderades moito sobre as aves galegas

